

PLAN ANUAL DA BIBLIOTECA ESCOLAR

En cumprimento da Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, e da súa concreción para a comunidade autónoma de Galicia no *Decreto 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia y se regula la evaluación en esa etapa educativa*, este Plan Anual de Lectura concreta as accións enfocadas a lograr os obxectivos do Plan de lectura que tenta conseguir que o alumnado do CEIP Plurilingüe de Pedrouzos, ao remate de primaria e con relación á súa idade, posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento persoal. Para isto os profesores e profesoras do CEIP de Pedrouzos adquieren o compromiso de poñer todo o seu empeño en elevar o nivel de comprensión lectora así como en fomentar o hábito lector entre o alumnado.

1.-INTRODUCCIÓN

Este plan ten como obxectivo sistematizar e coordinar o ensino da lectura no CEIP de Pedrouzos. A súa finalidade consistirá en lograr que os alumnos e as alumnas sexan lectores competentes, entendendo por tal que sexan capaces de ler con precisión e rapidez, que desenvolvan a habilidade para comprender, reflexionar e interaccionar cos textos e que se atopen motivados cara á lectura por mero pracer ou como un medio insubstituíble para a aprendizaxe.

A posta en práctica deste plan de lectura compromete a todo o profesorado e as familias, no desenvolvemento da competencia lectora dos alumnos e require unha planificación compartida.

2- OBXECTIVOS. INDICADORES. ACTUACIÓNS.

Os nosos obxectivos, indicadores e actuacións están marcados polas liñas prioritarias establecidas na memoria do Plambe. Os obxectivos do plan da biblioteca estarán orientados ás seguintes áreas:

A. En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”

OBXECTIVO:

- Garantir un funcionamento eficaz e ordenado da biblioteca.

INDICADORES:

- Indicadores: actualización do catálogo, tempo de resposta ás solicitudes, mantemento do espazo.

ACTUACIÓNS:

- Manter actualizados os fondos a través de Koha, catalogar os novos fondos e etiquetar os que quedan sen etiquetar(1ºtrim.) Renovación e reorganización do fondos. Renovación dos carteis de sinalización que sexan necesarios e sinalética. (1ºtrim.) Poñer unha zona de “recomenda”, para que alumnado e profesora suxira compras. Organizar aos alumnos colaboradores da biblioteca. Colaborar coa xefatura de estudos do centro na organización das gardas de recreo. (1ºtrim.). Seguir formándose para o uso efectivo do KOHA.

B. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

OBXECTIVO:

- Incrementar o uso e coñecemento dos recursos dispoñibles.

INDICADORES:

Número de actividades realizadas, número de usuarios activos.

ACTUACIÓNS:

Continuar co proxecto de centro do curso anterior, e en colaboración con ENL e TICs. Sistematizar, dentro da web do centro, a publicación das actividades realizadas dende a biblioteca. Charla de expertos sobre o tema relacionado co proxecto. Ambientación da biblioteca sobre o tema de investigación.

(1ºtrim.) Mostra dos traballos elaborados polo alumnado. (3ºtrim.) Emprego deste espazo educativo como centro de recursos onde atopar e tratar a información que precisamos nos procesos de ensino-aprendizaxe. Facilitar recursos dixitais que desenvolvan o currículo do alumnado. Comprar uns paneles expositores para adecentar o recuncho de novidades.

C. En relación coa formación de persoas usuarias e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital)

OBXECTIVO:

- Potenciar a capacidade de busca, selección e uso da información

INDICADORES:

- Uso autónomo da biblioteca por parte da comunidade escolar.

ACTUACIÓNS:

- Formar ao alumnado voluntario para que explique por aulas na biblioteca o sistema de clasificación da biblioteca así como os apartados para os diferentes temas segundo CDU e as divisións por idades, o funcionamento da biblioteca, normas, préstamos e devolucións, zonas... (1ºtrim) Dar a coñecer entre o alumnado os recursos que ofrece a intranet e a web do centro (dicionarios, enciclopedias, xornais, mapas, ...) para promover un uso autónomo dos mesmos. (1ºtrim.) Realizar sesións de busca de información e uso de recursos bibliográficos e en rede: ferramentas e procedementos. Formación das persoas usuarias e adquisición da competencia informacional

D. En relación co fomento da lectura

OBXECTIVO:

- Estimular o hábito e gusto pola lectura.

INDICADORES:

- Número de préstamos de libros, participación en actividades lectoras.

ACTUACIÓNS:

Expoñer os fondos de nova adquisición. Continuar cos Clubs de lectura. Realizar ao longo do curso guías de lectura, en colaboración coas bibliotecas do concello (1ºtrim. - 3ºtrim.) Continuar a experiencia “Padriños e madriñas de lectura” e “As mochilas viaxeiras”. Organizar a visita de autores e/ou ilustradores. Dinamizar “O Recuncho de recomendo” con orientacións lectoras desde a web do centro. Seguir coa Radio en Pedrouzos.

E. En relación co desenvolvemento do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información)**OBXECTIVO:**

- Integrar accións que reforcen as competencias lectoescriptoras e informacionais.

INDICADORES:

- Avaliación titorial do progreso do alumnado en materia de lectoescritura.

ACTUACIÓNS:

- Realizar un PDI de centro. Propoñer pequenos restos de busca de información na biblioteca. Comezar a elaborar un itinerario lector e escritor para o centro que se incluíraáno Plan lector de centro. Ofrecer propostas de traballos destinados á utilización dos recursos da biblioteca.

F. Outras actuacións (biblioteca inclusiva, implicación das familias e comunidade educativa, redes desde a biblioteca escolar etc.)**OBXECTIVO:**

- Integrar accións que reforcen as competencias lectoescriptoras e informacionais.

INDICADORES:

- Número de actividades inclusivas, participación das familias, colaboración con outras bibliotecas.

ACTUACIÓNS:

- Seguir participando no Festival Atlántica de narración oral, fomentamos o intercambio coa expresión oral doutros pobos e outras culturas. Incluír libros de lectura fácil no catálogo. Comprar xogos que faciliten a implicación de todos os alumnos.n das familias e comunidade educativa, redes desde a biblioteca escolar.

G. En relación coa avaliación.

OBXECTIVO:

- Coñecer e reconducir o Plan Anual de Biblioteca cando sexa necesario.

INDICADORES:

- Todos os anteriores.

ACTUACIÓNS:

- Realizar unha avaliación sistemática dos fondos, das actividades e do funcionamento da biblioteca a través de enquisas. Analizar os datos a través de KOHA.

3- RECURSOS HUMANOS E HORARIO PREVISTO.

A responsable da biblioteca é mestra definitiva no centro e será tamén a coordinadora do Club de Lectura, conta con 5 sesións no horario lectivo. Compoñen o equipo da biblioteca dous membros do claustro por ciclo. Tres participan no Club de Lectura.

A biblioteca abrirá todos os días no recreo e cada titoría ten a súa hora establecida.



HORARIO BIBLIOTECA AULAS 2025-26

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	6°C			COORDINACIÓN	6° INF
	COORDINACIÓN	COORDINACIÓN 5°B	6°A	2°A	COORDINACIÓN 5°A Infantil
	5°C	4°C	4°A	3°A	4°B
	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
	2°B / 6°D	5°B Infantil	2°C	6°B / 4°A INF.	5°A / 4°B Infantil
	1°C	3°C	1°A	1°B	3°B




3- AVALIACIÓN E DIFUSIÓN.

AVALIACIÓN

En canto a avaliación realizaremos as seguintes actuacións:

- Avaliación periódica do cumprimento dos obxectivos mediante os indicadores definidos.
- Recollida de opinións e suxestións de usuarios, familias e profesorado.
- Avaliación final na que se analizarán os resultados e propostas de mellora.
- Difusión dos resultados e actividades mediante e reunións.

DIFUSIÓN

Promocionaranse as actividades a través de cartelaría, reunións co profesorado e páxina web do centro, así como da aula virtual.